

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUNHA ACTUACIÓN ARQUEOLÓXICA NA COVA EIRÓS (TRICASTELA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

María del Carmen Martínez Ínsua, directora xeral de Patrimonio Cultural da consellería de Cultura, Educación e Universidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral de Patrimonio Cultural ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 30 de outubro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio regular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Unviersidades da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, para a realización dos traballos de escavación, investigación e documentación arqueolóxica no xacemento da Cova Eirós, en Triacastela, Lugo en 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:



Dende o ano 2008 ata o ano 2021 desenvolvéronse por parte do equipo de investigación do Departamento de Historia I da USC, actuacións arqueolóxicas no xacemento paleolítico da Cova Eirós, no concello de Triacastela. A consellería e a USC, consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan unha actuación no xacemento Cova Eirós e consideran relevante continuar no 2022 cos traballos de escavación e investigación na Cova Eirós, dada a transcendencia dos achados producidos tanto nas escavacións arqueolóxicas no sector da entrada con abundantes materiais e unha estratigrafía complexa onde se atoparon restos de ocupacións paleolíticas que abranguen dende o paleolítico medio ata os momentos finais do paleolítico superior; coma nas paredes do interior da cova, onde se localizaron evidencias de arte rupestre do paleolítico superior, como achado único e excepcional en Galicia (pintura e gravados).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxual.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

